



Concello de Sarria

ASUNTO: PROPOSTA DA CONCELLERÍA DELEGADA DAS ÁREAS DE EDUCACIÓN, FESTAS, MULLER, XUVENTUDE E INTEGRACIÓN DE ORGANIZACIÓN DA II EDICIÓN DO CONCURSO DE DECORACIÓN DE NADAL 2021.

PROPOÑO:

REQUISITOS PARA A PARTICIPACIÓN NA II EDICIÓN DO CONCURSO DE DECORACIÓN DE NADAL 2021.

Participantes:

Poderán participar todas as persoas residentes permanente ou temporalmente no Concello de Sarria, podendo ser a participación de forma individual ou colectiva (asociacións veciñais ou comunidades de veciños), sempre que o proxecto se realice dentro do término municipal de Sarria. Quedan excluídas as fachadas dos establecementos e comercios.

No caso das asociacións veciñais ou comunidades de veciños a inscrición debe de ser realizada por un representante.

Materiais e condicións:

1. A decoración gardará relación co Nadal, tendo total liberdade en canto ao deseño e utilización de materiais ou elementos decorativos, os cales poderán incluír material de refugallo ou produto da propia natureza. Tamén se poderán empregar elementos de decoración iluminativos.

2. A montaxe e a retirada dos elementos decorativos será realizado por cada participante. Será obrigatorio que se manteñan ás decoracións instaladas ata o 7 de xaneiro de 2022.

3. Os elementos decorativos que se utilicen no poderán causar ningún perigo nin prexuízos para as persoas e os bens.

MODALIDADES DE PARTICIPACIÓN

Establécese unha única modalidade de participación: entran en concurso a decoración de fachada, balcón, ventá, terraza, xardín ou porta exterior; decoración no interior do seu fogar, tales como mesas, árbore de nadal, belén ou recibidor e árbores, fachadas, portais, xardíns ou prazas exteriores.





Concello de Sarria

INSCRICIÓN.

Data de inscrición:

O prazo de inscrición comezará a partir do día seguinte á publicación das bases no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Sarria (<https://sarria.sedelectronica.es>), ata o día 22 de decembro de 2021 (incluído). Non se admitirán inscricións presentadas fora de prazo e medios establecidos nestas bases.

Lugar de inscrición e presentación:

A través do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos do Concello de Sarria en horario de 9h a 14h ou enviando un correo a registro@sarria.es; coa ficha de inscrición debidamente cumprimentada (Anexo I) e achegando ademais unha fotografía ou vídeo do proxecto.

As bases do concurso e a ficha de inscrición, poderanse descargar na páxina web oficial do Concello de Sarria www.sarria.es e na sede electrónica: <https://sarria.sedelectronica.es>

Aceptación das bases: Tódolos participantes no concurso, polo simple feito de participar, aceptan as bases desta promoción e as normas que rexen a súa participación. O Concello adquire os dereitos de reprodución e exposición das fotografías presentadas, que poderán ser publicadas en medios ou redes sociais, así como na páxina web do Concello de Sarria.

PREMIOS.

Establécense os seguintes premios:

- 1º Premio: tarxeta regalo por importe de 300 €.
- 2º Premio: tarxeta regalo por importe de 250 €.
- 3º Premio: tarxeta regalo por importe de 200 €.
- 4º Premio: tarxeta regalo por importe de 150 €.
- 5º Premio: tarxeta regalo por importe de 100 €.
- 6º Premio: tarxeta regalo por importe de 50 €.
- 7º Premio: tarxeta regalo por importe de 50 €.
- 8º Premio: tarxeta regalo por importe de 50 €.
- 9º Premio: tarxeta regalo por importe de 50 €.
- 10º Premio: tarxeta regalo por importe de 50 €.

As tarxetas regalo serán válidas para ps comercios sarriaos, e serán entregadas aos





Concello de Sarria

gañadores.

XURADO E VALORACIÓN.

O xurado que designe a obras gañadoras, estará formado por 3 persoas con coñecementos en deseño e decoración.

Serán valorados os aspectos seguintes:

Composicións e deseños acordes co Nadal e respectuosas co entorno.

Iluminación e materiais empregados.

Orixinalidade.

Creatividade.

Combinación de elementos e cores.

Contido didáctico do proxecto.

COMUNICACIÓN DOS GAÑADORES.

Chamarase telefonicamente a cada un dos premiados para comunicarlles o premio obtido e publicarase a información na páxina web do Concello de Sarria e nas redes sociais.

OUTROS

Todas as dúbidas, problemas e queixas que se susciten na interpretación destas bases resolveranse directamente pola Concelleira Delegada.

(DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE À MARXE)





Concello de Sarria



Cod. Validación: JDLSTYAZD2LZZPQMURFPQ7XJX | Corrección: <https://sarria.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4